

Código de Boas Prácticas da Escola de Doutoramento Internacional da USC (EDIUS)

Aspectos xerais:

Segundo o Real Decreto 99/2011, de 28 de xaneiro, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento (<https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2011-2541>), contéplase a elaboración dun Código de Boas Prácticas (CBP) que, segundo o seu artigo 9.8, deberán subscribir todas as persoas integrantes das Escolas de Doutoramento.

A formación doutoral debe atender ás necesidades da sociedade para a formación de profesionais cualificados, para o que fomentará a adquisición de habilidades que permitan ás doutorandas e doutorandos progresar de forma efectiva tanto persoal como profesionalmente. Neste contexto, a USC procurará implementar políticas de apoio ao desenvolvemento profesional no eido da investigación, garantir a adquisición continua do coñecemento e a capacitación en habilidades transversais para os investigadores e investigadoras, mellorar o seu traballo científico e facilitar a súa mobilidade intersectorial, interdisciplinaria e xeográfica.

O Código de Boas Prácticas en Investigación (CBPI) da USC, aprobado polo Consello de Goberno da USC o 28 de setembro de 2018, recolle “as pautas, principios e recomendacións aplicables a calquera tipo de investigación que se leve a cabo en calquera disciplina científica na universidade”, polo que é de aplicación a todas as persoas e órganos participantes na investigación e desenvolvemento dunha tese.

Tendo en conta isto, o CBP da EDIUS fai seu o CBPI da USC, e céntrase nas cuestións non contempladas nel, proporcionando unha guía de Boas prácticas para levar a cabo as distintas competencias dos membros da Escola recollidas no seu Regulamento de Réxime Interno e no Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC.

Así, o CBP da Escola de Doutoramento Internacional da Universidade de Santiago de Compostela (EDIUS) inclúe unha serie de regras, recomendacións e compromisos para que guíen aos membros da Escola nas súas distintas actividades, se favoreza a calidade da formación integral das doutorandas e doutorandos, así como o desenvolvemento dunha actividade científica rigorosa, ética e responsable, sendo un instrumento complementario e non substitutivo das normas legais existentes.

Este CBP foi elaborado tomando como referencia, entre outras fontes, a Carta Europea do Investigador, así como documentos de referencia elaborados por diversos organismos internacionais incluíndo, entre outros, a *Good Practice Elements in Doctoral Training* da League of European Research Universities (LERU), as *Recommendations and good practice for universities and doctoral supervisors* da UniWiND/GUAT, así como os CBP doutras universidades españolas, incluíndo as Universidades de Alcalá, Cantabria, Córdoba, Málaga, Autónoma de Barcelona, Rovira i Virgili e a Universidade Complutense de Madrid.

Ámbito de aplicación:

Todos os membros da EDIUS, as doutorandas e doutorandos matriculados na USC; o persoal docente e investigador que forme parte dos programas de doutoramento; o persoal de administración e servizos adscrito á EDIUS; e os membros dos distintos órganos de dirección en que se organiza e estrutura a EDIUS.

Responsabilidades dos estudantes de doutoramento

A doutoranda ou doutorando é o actor máis importante nos estudos de doutoramento, e espérase que se faga cargo do deseño, organización e execución do traballo relacionado co seu doutoramento, realizando unha labor de investigación orixinal e de calidade baixo a supervisión dunha directora ou director. O produto do seu traballo de investigación, culminado con éxito, será a tese doutoral, a cal debe aportar unha contribución substancial ó estado da arte no eido de coñecemento correspondente (mediante, por exemplo, unha publicación destacada en revistas especializadas). Ao comezo do proceso o estudante de doutoramento deberá presentar un plan de investigación nas condicións que estableza o programa de doutoramento, e ao final do proceso o estudante deberá ser quen de defender o traballo de tese fronte a un tribunal de expertos. Os estudantes de doutoramento deben asumir a responsabilidade da calidade final de todo o traballo académico presentado, polo cal recibirán tamén o recoñecemento correspondente.

Para acadar estes obxectivos, o estudante deberá:

1. Coñecer a normativa de doutoramento da Universidade, incluíndo os requisitos administrativos:
 - a) Asinar o compromiso documental de supervisión da súa actividade, na forma que estableza a Universidade.
 - b) Matricularse cada curso académico dentro dos prazos establecidos na normativa e no calendario académico e satisfacer os prezos de matrícula, académicos e administrativos, e de defensa e expedición do título.
 - c) Presentar dentro dos prazos correspondentes o plan de investigación.
 - d) Realizar dentro dos prazos establecidos os informes anuais de actividade e a revisión anual do plan de investigación, coa correspondente modificación no caso de ser necesario.
2. Recoñecer que o rol dos seus titores e directores é o de asesorar, guiar e supervisar o seu proxecto de investigación, e que ese é tamén o seu dereito. Incluso se os estudantes son autosuficientes no traballo diario, deberán consultar aos seus supervisores sobre asuntos importantes como os antecedentes, os métodos, a configuración experimental do proxecto de investigación; o exame crítico dos resultados, a seguridade e a preparación da tese.
3. Procurar asistir e participar da oferta de actividades formativas elaboradas pola EDIUS e os propios programas de doutoramento para poder adquirir e/ou mellorar as súas competencias e habilidades co obxectivo de conseguir unha formación completa, integral e transversal que facilite a súa inserción no mercado laboral. Para iso, tamén poderán suxerir a organización/elaboración de cursos e actividades de formación que consideren relevantes para tal fin.
4. Comprometerse a progresar no seu proxecto de tese de acordo cos prazos acordados co supervisor; deberán presentar o material escrito (borrador de tese ou informes intermedios) con tempo suficiente para permitir comentarios e discusión antes de pasar á seguinte etapa. Cando se informe aos estudantes de que o seu progreso foi inadecuado, deberán tomar medidas para mellorar o seu traballo.
5. Ser autocríticos respecto ao seu propio traballo e resultados, e aproveitar ao máximo as instalacións, a ensinanza e a supervisión ofrecidas.
6. Informar ao seu supervisor con antelación das súas vacacións ou de calquera circunstancia que afecte o seu rendemento académico ou a súa participación en calquera actividade do programa de doutoramento. Cando os estudantes non poidan traballar debido a unha baixa por enfermidade ou circunstancias persoais urxentes, deben informar o seu supervisor tan pronto como sexa posible.

7. Cumprir coas convencións que pertencen ao seu ámbito de coñecemento con respecto, por exemplo, á redacción académica, o uso de arquivos e a bibliografía, así como á integridade na recompilación e análise de datos e a súa conservación, aos principios éticos fundamentais (normas éticas recollidas nos diversos códigos deontolóxicos nacionais, sectoriais ou institucionais) e os dereitos de propiedade intelectual. Débese prestar especial atención á cuestión da correcta atribución do traballo de outros e á prevención do plaxio.
8. Informarse e seguir as normas e procedementos de seguridade e saúde, así como respectar o Código de Boas prácticas en investigación.
9. Non realizar cambios ou alteracións nas instalacións postas a súa disposición para realizar a súa investigación sen o coñecemento e autorización da súa directora ou director de tese, e da entidade onde se estea levando a cabo o traballo de investigación.
10. Procurar a realización de estadias de investigación en centros nacionais e estranxeiros (internacionalización), informando e solicitando autorización, sempre por adiantado, á Comisión Académica do Programa de Doutoramento (CAPD) correspondente.
11. Procurar a máxima difusión dos resultados e actividades de investigación. Para iso, recoméndase publicar os resultados obtidos (revistas científicas, libros, capítulos de libro, etc.), participar activamente en seminarios e en congresos nacionais e internacionais, etc., e facer uso do Repositorio Institucional da Universidade. Utilizar as ferramentas de Internet (blogs, redes sociais, etc.) para a creación de redes con outros investigadores, grupos de investigación e coa sociedade en xeral.
12. Utilizar a denominación das entidades para as que presta servizos na realización da súa actividade científica, de acordo coa normativa interna das anteditas entidades e os acordos, pactos e convenios que subscriban.
13. Gardar a debida confidencialidade sobre o desenvolvemento do seu traballo investigador, manter en segredo a información obtida e utilizala única e exclusivamente con obxecto de facer a tese de doutoramento.
14. Absterse de participar nun proxecto de investigación se ten un conflito de interese, comunicándollo á EDIUS para que resolva ao respecto. En todo caso, nos resultados ou rexistros da súa actividade autorizada farase constar a existencia del tal conflito.
15. Comunicar á CAPD calquera incidencia que poida repercutir no desenvolvemento da súa tese de doutoramento.

Responsabilidades dos supervisores (titor ou titora e director ou directora)

A obtención dun doutoramento implica que o candidato ou candidata realice unha investigación independente e autónoma, baixo a supervisión de investigadores e investigadoras experimentados actuando na titorización e/ou dirección (a supervisión). O alcance e a calidade do apoio que se proporciona a un candidato inflúen no seu éxito e na formación adquirida, sendo vital para a finalización exitosa dos estudos de doutoramento.

A supervisión implica unha asociación baseada na integridade científica e o respecto mutuo que beneficie tanto ás doutorandas e doutorandos como os seus supervisores. Os supervisores deben, pois, establecer unha relación positiva e construtiva coas súas doutorandas e doutorandos, a fin de establecer as condicións para unha transferencia eficiente de coñecementos, e que o seu propio traballo constitúa un exemplo a seguir. Ademais, os supervisores deben ter en conta que a formación dos estudantes de doutoramento debe preparalos para futuros postos no mundo académico, en organismos públicos ou na industria.

Os candidatos a ser admitidos nun programa de doutoramento, a través dos medios que a Universidade estableza, disporán da información sobre a normativa relevante, incluíndo a

referente aos estudos de doutoramento, a normativa específica da EDIUS e a do seu propio programa, así como das regulacións sobre seguridade no traballo e ética na investigación.

Unha vez matriculadas, todas as doutorandas e doutorandos deben ser informados sobre as instalacións dispoñibles para realizar o seu traballo de investigación, así como das regras que rexen o seu uso para un aproveitamento óptimo e emprego axeitado das mesmas. En particular, os supervisores informarán aos estudantes de doutoramento sobre o uso das instalacións da biblioteca, o que inclúe achegarse á literatura e ás fontes orixinais cunha actitude crítica, e brindarán orientación para evitar o plaxio. Así mesmo, informarán sobre as normas de seguridade e prevención de riscos laborais, instando o seu cumprimento.

Os supervisores velarán polo respecto ao principio da propiedade intelectual e industrial ou da propiedade conxunta de datos cando a investigación se realice en colaboración con outros investigadores, e promoverán evitar calquera tipo de plaxio. Ademais, deberán orientar ás doutorandas e doutorandos para que non incorran en desviacións ou malas *praxis*, que serán responsabilidade súa, como investigadoras e investigadores practicantes que son desde o mesmo momento no que inician a súa actividade formativa.

Os titores ou titoras e directores ou directoras manterán un contacto regular cos seus estudantes de doutoramento a través de reunións en grupo e individuais. Neste contexto, os directores ou titores deberán:

- a) Favorecer que a doutoranda ou doutorando poda desenvolver unha actividade investigadora autónoma.
- b) Garantir a calidade e relevancia científica de dita investigación.
- c) Garantir que a tese se complete e presente dentro dos prazos establecidos legalmente.

Ademais de guiar ao estudante de doutoramento no desenvolvemento do seu proxecto de tese, unha boa supervisión inclúe ademais asesoralo sobre o desenvolvemento da súa carreira académica, apoialo na obtención de experiencia docente, cultivar a súa integración na contorna académica, así como asegurarse de que adquire unha formación completa e transversal que facilite a súa futura inserción laboral. A este respecto, os supervisores deben alentar ás doutorandas e doutorandos a realizar una capacitación máis extensa, co fin de ampliar as súas áreas de experiencia (habilidades transferibles e especializadas, etc).

Responsabilidades do titor ou titora:

1. Desde a incorporación do estudante ó programa de doutoramento, asesorar e informar sobre o funcionamento do programa.
2. Orientar á doutoranda ou doutorando sobre a idoneidade e adecuación das actividades formativas e da actividade investigadora aos principios e obxectivos do programa de doutoramento e, no seu caso, da EDIUS, así como servir de nexa de unión entre a doutoranda ou doutorando e o programa no que se atopa matriculado.
3. Orientar ás doutorandas e doutorandos sobre os procesos académicos relacionados coa elaboración do traballo de investigación e a súa formación complementaria e, en particular, sobre o rexistro sistemático de todas as actividades que realizan na súa etapa doutoral
4. Firmar o compromiso documental de supervisión que estableza as funcións de supervisión dos seus doutorandos, na forma que estableza a Universidade.
5. Actuar como poñente, procurando que a normativa de doutoramento se cumpra cando o director ou directora sexa externo á Universidade.

6. Participar nas actividades de formación para titores que sexan ofertadas pola EDIUS para cumprir con responsabilidade as funcións de supervisión dos seus doutorandos.
7. Exercer de intermediario entre o estudante de doutoramento e a súa dirección de tese, intentando mediar nos problemas ou cuestións que podan xurdir no curso da investigación.

Responsabilidades dos directores ou directoras:

1. Proporcionar apoio científico e profesional durante os estudos de doutoramento da doutoranda ou doutorando o seu cargo, sendo o responsable da planificación, coherencia e orixinalidade da investigación a desenvolver. Os directores deben construír unha relación de traballo construtiva e positiva coas súas doutorandas e doutorandos.
2. Velar pola adecuada elección do tema da tese de doutoramento da doutoranda ou doutorando. Procurar que os proxectos de investigación sexan relevantes para a sociedade e non dupliquen outros realizados previamente. Na selección dos proxectos terase en conta o valor formativo do traballo a realizar coa fin de proporcionar ás doutorandas e doutorandos competencias relevantes para un desenvolvemento científico integral. Ademais, o traballo de investigación debe estar ben definido, con obxectivos ben identificados e alcanzables nos límites de tempo de realización dos estudos de doutoramento, e ser realizados de maneira efectiva cos recursos dispoñibles e nunha contorna axeitada seguindo protocolos de traballo ben deseñados que, de ser necesario, poidan ser examinados, comprendidos ou, no seu caso, reproducidos por calquera investigador do seu campo.
3. Velar para que os recursos materiais asignados á formación investigadora das doutorandas e doutorandos se empreguen de forma eficaz e eficiente para acadar os obxectivos previstos.
4. Firmar o compromiso documental de supervisión que estableza as funcións de supervisión dos seus doutorandos, na forma que estableza a Universidade.
5. Encomendar aos doutorandos, exclusivamente, actividades relacionadas coa súa condición de investigación en formación.
6. Mostrar como realizar o rexistro sistemático de datos experimentais ou cálculos teóricos, e a importancia de manter un rexistro claro de todo o traballo que se realizou.
7. Procurar a máxima difusión dos resultados e actividades de investigación das doutorandas e doutorandos. Esta difusión debe facerse con rigorosidade, evitando esaxerar a importancia e aplicabilidade práctica dos resultados, e indicando sempre os autores/participantes, as institucións ás que pertencen e a subvencións e axudas recibidas. Non se considera aceptable a comunicación e difusión dos resultados antes da súa revisión por pares ("peer review"), é dicir, antes da súa aceptación para ser publicados ou presentados en determinado tipo de congresos.
8. Alentar aos estudantes de doutoramento a producir un ou máis traballos escritos, que a miúdo poden proporcionar unha base para a preparación da tese final. As directoras e directores deben devolver ese traballo con críticas construtivas e nun tempo razoable. Normalmente, alentarán ás doutorandas e doutorandos a publicar os resultados a medida que xurdan e sexan axeitados para a súa publicación. Para iso, aseguraranse de que:
 - a) No caso de detectarse erros no contido dalgunha publicación, recoñeceranse no mesmo medio no que fora publicada orixinalmente. A retractación do conxunto da publicación será necesaria no caso de erros graves.
 - b) Non se produza a fragmentación dunha investigación unitaria. Esta só está xustificada por razóns de extensión ou a requirimento dos editores.

- c) Non se produza a publicación duplicada da investigación desenvolvida pola doutoranda ou doutorando.

Ademais, asegúranse de que nas publicacións:

- i. Se coñeza e autorice o seu contido por todos os autores, quenes indicarán a súa conformidade coa publicación.
 - ii. Se faga mención á fonte de financiamento e que a afiliación á USC no centro onde se realice a investigación estea redactada de acordo coas pautas establecidas para o reflexo adecuado na bibliometría.
 - iii. Se referencien todos os traballos directamente relacionados coa investigación, evitando referencias inxustificadas ou honoríficas.
 - iv. Se agradeza e recoñeza a calquera persoa que colaborara no traballo dalgunha forma, pero sen ser autor.
 - v. Se declaren de forma inequívoca os comités éticos independentes que supervisaron o protocolo de investigación seguido, cando proceda.
9. Velar para que as súas doutorandas e doutorandos sigan, en todo momento, prácticas de traballo seguras, conformes á lexislación vixente sobre riscos laborais, e inculcando o seguimento do Código de Boas prácticas en investigación da Universidade. Así mesmo, velar para que as súas doutorandas e doutorandos adopten as medidas necesarias para cumprir coas esixencias legais en materia de protección de datos e de confidencialidade.
10. Velar porque as doutorandas e doutorandos coñezan, se formen e cumpran coas condicións relativas á publicación, á autoría, á propiedade intelectual e industrial e de dereitos de autor, e a súa explotación.
11. Comunicar á Universidade se os resultados obtidos por unha doutoranda ou doutorando poden conducir a unha invención ou a aplicacións potencialmente susceptibles de ser protexidas polo seu interese comercial, xestionando a publicación dos resultados tendo en conta esta posibilidade.
12. Asegurarse de que se subscriban os oportunos documentos contractuais nos que se recollan adecuadamente os distintos intereses, tarefas ou contribucións das partes, así como a obriga de segredo e confidencialidade que asumen as partes intervintes e a asignación da propiedade dos resultados xerados no marco dun proxecto de I+D a executar por unha doutoranda ou doutorando en réxime de colaboración e/ou baixo contrato, contemplando a posibilidade da súa axeitada e eficaz protección legal e as condicións da súa explotación.
13. Informar e avalar, periodicamente, o plan de investigación das súas doutorandas e doutorandos, así como revisar regularmente o documento de actividades personalizado dos seus doutorandos. As avaliacións negativas deberán ser motivadas.
14. Comunicar á CAPD calquera incidencia que poida repercutir no desenvolvemento da tese doutoral.
15. Facilitar ás doutorandas e doutorandos a asistencia aos cursos de formación transversal organizados ou participados pola Escola de Doutoramento, así como na formación específica tanto dentro do mesmo programa como doutros programas.
16. Velar pola adecuada execución das actividades de formación previstas na liña na que se inscribe a tese de doutoramento coa fin de que a doutoranda ou doutorando adquira as competencias e as capacidades e habilidades previstas nel.
17. Potenciar e avalar as estadías das doutorandas e doutorandos noutros centros tanto de ámbito nacional como internacional, e promover a cooperación con outros equipos de investigación e centros e institucións de I+D+i de cara a favorecer o intercambio de ideas e a transferencia de coñecemento.
18. Recoñecer o traballo da doutoranda ou doutorando, e ser rigoroso e xusto na autoría das publicacións.

Responsabilidades da Comisión Académica do Programa de Doutoramento (CAPD)

Cada programa de doutoramento ten unhas características propias, tanto nos seus obxectivos, liñas de investigación, criterios de admisión, como competencias a adquirir por parte das doutorandas e doutorandos do programa. Neste sentido, a CAPD é o órgano responsable que diseña e organiza o conxunto de actividades que conforman o programa, e a coordinación dos investigadores e investigadoras que pertencen ó mesmo. Isto implica o desenvolvemento das súas liñas de investigación, así como a elaboración e execución das actividades formativas que permiten ás doutorandas e doutorandos do programa adquirir os coñecementos, experiencia, competencias e habilidades necesarias para o futuro desempeño da súa actividade profesional. Ademais, permite promover relacións con outras Universidades ou centros de investigación, facilitando e mellorando a transferencia de coñecemento co conseguinte enriquecemento para o propio profesorado do programa e das súas doutorandas e doutorandos.

As responsabilidades da CAPD son as seguintes:

1. Realizar o proceso de valoración das solicitudes dos estudantes candidatos a ingresar no programa de doutoramento, valorando os seus méritos e a idoneidade do seu perfil segundo os criterios e procedementos establecidos na súa memoria de verificación. Para iso, é necesario que poña a disposición dos solicitantes polas canles dispoñibles na Universidade toda a información necesaria sobre as características do programa e dos coñecementos previos que son necesarios, incluso establecendo a obrigatoriedade de cursar complementos formativos específicos, para que a súa elección se adecúe aos intereses investigadores e aos obxectivos e liñas de investigación do propio programa de doutoramento.
2. Asignar as titoras e titores, e directoras e directores a cada doutoranda ou doutorando admitido. Esta asignación debe realizarse considerando que estes sexan os máis adecuados para o perfil da doutoranda ou doutorando e o seu proxecto de tese, para o que é fundamental coñecer os seus intereses futuros no momento do proceso de admisión. O número de doutorandas e doutorandos a cargo dun titor e un director debe ser apropiado e compatible co alcance das súas obrigas e compromisos.
3. Asumir, a través da sinatura da coordinadora ou coordinador do programa, o compromiso documental que recolle as funcións de supervisión das súas doutorandas e doutorandos, na forma que estableza a Universidade.
4. Velar porque os seus doutorandos presenten o plan de investigación, na forma que estableza a Universidade.
5. Coordinar ás titoras e titores, directoras e directores, e doutorandas e doutorandos, asumindo unha labor de conciliación dos intereses comúns entre eles. Tamén debe velar porque as doutorandas e doutorandos adquiren unha formación integral ampla e sólida, a través do deseño e implementación de actividades de formación complementarias que os estudantes de doutoramento deberán cursar segundo se estableza na correspondente memoria de verificación.
6. Velar porque as actividades de formación das doutorandas e doutorandos do seu programa de doutoramento estean formuladas co obxectivo de acadar a máxima calidade e facilitar o seu desenvolvemento, tanto dende o punto de vista formativo como de investigación.
7. Realizar o seguimento das doutorandas e doutorandos do programa a través do informe anual no que se analizará o grado de desenvolvemento dos proxectos de investigación, a formación complementaria que cursarán e a súa adecuación ao plan de investigación, tendo en conta as limitacións temporais na realización do doutoramento. A este respecto, unha prórroga dos estudos é a concesión extra de

tempo para finalizar a tese e non un tempo ordinario para a realización da mesma. Transmitir isto aos estudantes de doutoramento é esencial de cara a unha axeitada planificación do seu traballo que lles permita finalizar a súa investigación con éxito.

8. Fomentar a aprendizaxe das doutorandas e doutorandos de novos conceptos e teorías, novas metodoloxías, o uso de nova instrumentación científica; o desenvolvemento de proxectos de investigación colaborativos, entre outras accións, noutras Universidades e centros de investigación nacionais e estranxeiros, que axuden a completar a súa formación doutoral. Para iso, facilitarase a realización de estadias de investigación das doutorandas e doutorandos do programa en tales centros para que realicen actividades de investigación e/ou formación relacionadas coa temática da súa tese, e que complementen a súa bagaxe científica e profesional.
9. Promover a recepción de doutorandas e doutorandos doutras Universidades nacionais e estranxeiras que desexen complementar a súa formación co profesorado e grupos de investigación pertencentes ao programa de doutoramento, así como a promoción de convenios específicos de colaboración e intercambio científico con outras Universidades e institucións. Todo o anterior contribuirá a unha mellor internacionalización dos programas, coa conseguinte mellora nas relacións e colaboracións científicas e na posibilidade de abordar proxectos e investigacións máis complexos e novidosos, por tanto, nunha mellora apreciable da calidade da formación ofertada e da investigación levada a cabo.
10. Contribuír á resolución das posibles discrepancias que podan xurdir no seo do programa de doutoramento e, particularmente, entre os distintos actores durante a realización das teses doutorais pertencentes ó mesmo.
11. Realizar unha análise e reflexión dos resultados do programa de doutoramento para elaborar a proposta de accións de mellora que incrementen o interese polo mesmo, así como a calidade da formación ofertada, por exemplo, a través do establecemento de estándares de calidade das teses encadradas no programa, potenciando as pre-defensas como métodos de ensaio e erro.
12. Gardar rexistro das actividades e reunións relevantes, incluíndo os informes anuais do progreso de cada estudante.

Responsabilidades da EDIUS.

A Escola de Doutoramento debe coñecer as demandas dos programas, investigadores, e doutorandas e doutorandos para levar a cabo as súas funcións de planificación da xestión académica e administrativa de forma consensuada e eficiente, establecendo unhas directrices unificadas pero sen perder de vista as especificacións propias das distintas áreas de coñecemento. Para iso, promoveranse foros de participación de todos os axentes relacionados cos estudos de doutoramento, xa que só coñecendo os distintos puntos de vista de todos os colectivos pódese ter unha visión global que permita propiciar cambios e melloras adaptados ás necesidades reais.

Ás accións da EDIUS deben estar en consonancia coa estratexia en formación de doutoramento da universidade, adaptarse ás demandas sociais, económicas e xeográficas, e deben perseguir o recoñecemento social da formación doutoral, unha maior inserción laboral dos doutorandos tanto a nivel académico como na contorna empresarial/productiva, e unha maior internacionalización e transferencia de coñecemento.

Son responsabilidades da EDIUS:

1. Velar para que todos os seus membros teñan acceso ó Código de Boas prácticas e á lexislación vixente en relación cos distintos ámbitos de actividade da mesma,

- promovendo a sensibilización dos seus membros cara as “Boas prácticas na investigación e na formación”.
2. Planificar, revisar e velar para que as actividades de formación do doutoramento sexan as adecuadas para adquirir as competencias transversais que lles permitan ás doutorandas e doutorandos desenvolverse plenamente como investigadores e persoas con recursos e autonomía, pero seguindo unhas regras de conducta baseadas no respecto, a ética e a honestidade.
 3. Actuar de forma imparcial, xusta e transparente, sendo a súa norma a prevalencia do interese xeral sobre os intereses particulares.
 4. Establecer procedementos transparentes de avaliación dos seus doutorandos e doutorandas, para o que se teñen que determinar, de acordo coa normativa específica vixente, criterios ben definidos que se farán públicos coa suficiente antelación. Estes criterios de avaliación deben ser obxectivos, claros e estables, de forma que non estean suxeitos a discriminación e respondan á calidade ou excelencia do traballo realizado.
 5. Ser un nexo de unión e comunicación entre a USC, outras universidades e centros de investigación, o tecido empresarial e a sociedade en xeral, o que lle permitirá dar resposta de forma rápida e flexible a través da formación de doutoras e doutores novos coa formación, capacidades e habilidades adecuadas respecto ás demandas e necesidades desta última.
 6. Promover a igualdade de oportunidades sen que poda prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, estado civil, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia social, incluída a orientación sexual, fundamentalmente no que se refire a:
 - a) Acceso a actividades de formación e capacitación.
 - b) Procesos de selección e órganos responsables da mesma.
 - c) Acceso a actividades e convocatorias de contratos.
 - d) Acceso a postos de dirección e cargos de responsabilidade.
 7. Adoptar as medidas necesarias para que os seus membros non sexan obxecto de acoso laboral, promovendo condicións de traballo baseadas no bo trato e respecto, e asegurando a implementación de instrumentos para a detección e solución de desviacións ó respecto.